

ORTEGA Y GASSET - TEXTO 1

INTRODUCCIÓN

Obra: escrita en 1923 marca o inicio da etapa raciovitalista do filósofo. Nela Ortega pretende expresar a superación do modo de pensar da xeración anterior. Para el todas as xeracións teñen unha maneira propia de pensar que responde á función desa xeración no mundo. A xeración de Ortega, e en especial esta obra, marca a distancia ca xeración anterior á que considera anticuada e pouco culta; a súa misión é contribuír á culturalización das masas.

Época: (apuntes)

Presentación filósofo: (apuntes)

COMENTARIO

Tema: “Crítica ao socratismo” “O raciovitalismo” “Avisión da nova xeración” ...

Desenvolvemento:

1.- Inicia o texto (1er parágrafo) con unha crítica a Sócrates e ao seu tempo. Sócrates é o inicio dun erro, o erro dunha interpretación nesgada do mundo. A partir do grego, o SH inicia un uso da razón moi concreto que, en ningún caso é a única maneira de usala, pero que ha se converter xustamente na definición da esencia do SH. A maneira de interpretar o mundo socrática leva ao obxectivismo, o conceptualismo e o universalismo. Todo isto sona a Nietzsche (falar del un pouco e relacionalo).

2.- A perspectiva iniciada por Sócrates e continuada por case todos os filósofos, ten como consecuencia a anulación da espontaneidade: a través da conceptualización do mundo detemos o fluxo continuo da vida; o concepto co que nominamos/dominamos o mundo suxeita os acontecementos falsamente. O concepto é mentira, un engano; a obxectividade non existe.

3.- (lin 6 a 8) Para Ortega, o socratismo (sinónimo para el de racionalismo-universalismo), enxendra unha dobre vida (aquí pódese facer outra alusión á esquizofrenia da que falaba Nietzsche): o que non somos (razón pura = contención, obxectivación) substitúe, atrapa, anula, o que é realmente o SH (vida = espontaneidade, fluxo, instante).

4.- A ilusión racionalista, aínda que iniciada con Sócrates, desenvólvese nas últimas centurias da humanidade. O renacemento é a semente dos grandes sistemas racionalistas que crean a ilusión moderna de dominio da natureza e do mundo a través da razón. Ex Descartes, Spinoza, Leibniz; todo queda sometido á razón. Os ilustrados continuarán esta “ilusión”; Kant intenta poñer límites a este uso pero é un ilustrado e confía na razón plenamente. Pero pronto ven a gran desilusión: os filósofos da sospeita, o existencialismo ...

5.- (Último parágrafo) O “noso tempo” di Ortega (o pensar da súa xeración) enfoca as cousas de outra maneira: a razón ten un límite. Debemos someter a razón á vida e desa maneira recuperar a espontaneidade, os impulsos, a forza (esta é a misión do seu tempo). O novo pensamento (resaltamos a distancia que marca co pensamento dos filósofos da xeración pasada), desconfía da razón, búrlase das súas pretensións. A súa misión é concretar esta desconfianza sometendo a “cultura” e a “civilización” á VIDA; libéralas do socratismo que é unha rede ca somete. (Referencias aos filósofos da sospeita que ven a interpretación do

mundo como algo interesado e non real: a ideoloxía como deformación da realidade en Marx; e os valores ético-cristiáns en Nietzsche).

CONCLUSIÓN

Transcendencia do seu pensamento (ver apuntes)